

O fráxil e o rotundo únense con abraiante naturalidade en Mónica Alonso. Fráxiles son os equilibrios que caracterizan as súas obras, mesmo a selección dun número mínimo de cores ou a maneira de as aplicar. Rotunda é a seguridade coa que razoa as súas formulacións, nun discurso teórico con difícil paralelismo entre os de artistas da súa xeración.

Mónica Alonso ten unha sorte de taller portátil: lévao na cabeza. Por iso acepta con aparente tranquilidade o que outros consideran retos arriscados. Darlles dimensión arquitectónica ós seus pensamentos, por exemplo.

Nada escapa ó control, á medida, ó cálculo, pero esa exactitude réxese por un hálito intuitivo. Cada cor ten un sentido, denota unha intención. Coma a maneira de prolongar e deter unha secuencia, unha serie; ou a disposición das pezas no espacio.

Existe algo parecido ó hipnotismo ante as obras de Mónica Alonso, do mesmo xeito que ó entrar nelas un percibe certa levedade, coma se habitase espazos inmatériaes. Nese encontro entre a plenitude do espacio dominado, apropiado, e a calidez das sensacións, a súa obra fórmase como un eloxio do encontro entre o rigor e o apuntamento, entre a idea, o previo, e a súa dimensión precisa. Co engadido de que nomea as cousas cunha limpeza que amosa firmeza.

Lo frágil y lo rotundo se unen con asombrosa naturalidad en Mónica Alonso. Frágiles son los equilibrios que caracterizan sus obras, incluso la selección de un número mínimo de colores o la manera de aplicarlos. Rotunda es la seguridad con la que razona sus planteamientos, en un discurso teórico con difícil paralelismo entre los de artistas de su generación.

Mónica Alonso tiene una suerte de taller portátil: lo lleva en la cabeza. Por eso acepta con aparente tranquilidad lo que otros consideran retos arriesgados. Darle dimensión arquitectónica a sus pensamientos, por ejemplo.

Nada se escapa al control, a la medida, al cálculo, pero esa exactitud se rige por un hálito intuitivo. Cada color tiene un sentido, denota una intención. Como la manera de prolongar y detener una secuencia, una serie; o la disposición de las piezas en el espacio.

Existe algo parecido al hipnotismo ante las obras de Mónica Alonso, de la misma manera que al entrar en ellas uno percibe cierta levedad, como si habitase espacios inmatériaes. En ese encuentro entre la plenitud del espacio dominado, apropiado, y la calidez de las sensaciones, su obra se plantea como un elogio del encuentro entre el rigor y el apunte, entre la idea, lo previo, y su dimensión precisa. Con el añadido de que nombra las cosas con una limpieza que rezuma firmeza.

The fragile and the categorical come together with amazing ease in the art of Mónica Alonso. Fragile are the balances that characterise her works, even the choice of a minimum number of colours or that of the way of applying them. Categorical is the confidence with which she reasons her approaches, in a theoretical discourse that is scarcely paralleled by other artists of her generation.

Mónica Alonso has a sort of portable atelier: she carries it around in her mind. This explains why she seems to calmly accept what others regard as risky challenges. Such as granting her thoughts an architectural dimension, for instance.

Nothing escapes control, measurement, calculation, yet this precision is governed by an intuitive breath. Every colour has a meaning, and denotes an intention. Like her way of extending and arresting a sequence, a series; or the arrangement of her pieces in space.

A somewhat hypnotic impression surfaces before the works of Mónica Alonso. Similarly, upon entering into them we perceive a certain lightness, as if we were inhabiting immaterial spaces. In this intersection between the fulfilment of dominated appropriated space, and the warmth of sensations, her oeuvre is posed as acclaim of the encounter between precision and the sketch, between the idea, the previous stage and its exact dimension, to which we should add the fact that she names things with a cleanliness that exudes strength.

Miguel Fernández-Cid

*Director do CGAC*